



CONVOCATORIA DO CONCURSO DE ESCAPARATES NADAL 2020

1.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é realizar un concurso de escaparates entre os comerciantes de Vila de Cruces coa finalidade de promocionar o comercio local. As bases reguladoras desta convocatoria atópanse na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces publicada no BOPPO de 20 de febreiro de 2006.

2.- FINANCIAMENTO

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 433.479 do orzamento prorrogado aprobado para o exercizo 2019, sendo o crédito total destinado aos premios 545,00 euros.

3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán participar neste concurso os comerciantes con establecementos ubicados no municipio de Vila de Cruces.

4.- CONTIA

O importe dos premios será o seguinte:

- Primeiro premio: 175 €.
- Segundo premio: 125 €.
- Terceiro premio: 100 €.
- Cuarto premio: 70 €
- Premio á orixinalidade: 75 €.

O premio á orixinalidade será para o escaparate que conteña elementos que o fagan especialmente orixinal. Este premio poderá recaer en calquera dos catro escaparates premiados ou nun distinto.

O procedemento de concesión será por concorrencia competitiva.

5.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os comerciantes que desexen participar deberán presentar no rexistro do Concello, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a partir do día seguinte ao da publicación, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a seguinte documentación con carácter obrigatorio:

- Solicitud asinada polo titular ou representante legal do establecemento.
- Fotocopia do DNI do solicitante e no seu caso do CIF.

Concello de Vila de Cruces



- No caso de empresas, escritura de constitución e DNI do seu representante.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, Seguridade Social, Oral e o Concello de Vila de Cruces.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o **11 de decembro de 2020**.

A convocatoria, os anexos e formularios estarán dispoñibles na páxina web do concello www.viladecruces.gal.

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 2 días hábiles, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

6.- CONCESIÓN

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

O órgano instructor será o Técnico local de emprego encargado de instruír e tramitar os expedientes.

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitíranse ao xurado.

O xurado estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Julio López Carballal, concelleiro de Comercio.

Secretaria: Belén Castro Vilanova

Vogais: M^a Carmen Orrea Pulleiro

David Diéguez Fernández

Sergio Mella Iglesias

O xurado deberá valorar os seguintes criterios:

- Presentación: de 0 a 10 puntos
- Creatividade: de 0 a 10 puntos
- Orixinalidade: de 0 a 10 puntos
- a utilización dos artigos do establecemento: de 0 a 10 puntos.
- cor e iluminación que creen unha esfera diferente á hora de promocionar os produtos en venda do establecemento: de 0 a 10 puntos.

Os escaparates deberán permanecer iluminados alomenos ata as 23:00 horas durante a campaña navideña.

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúnan os méritos suficientes para ser premiados.

A proposta do xurado elevarase á Xunta de Goberno Local para a aprobación definitiva dos premios.

Concello de Vila de Cruces



O órgano instructor notificará aos premiados mediante notificación no enderezo que conste na solicitude e publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

O prazo de resolución e notificación será de 1 mes contado a partir do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do premio poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a dictou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

7.- PAGAMENTO

O pagamento da axuda realizarase unha vez que os premiados presenten no rexistro do Concello, no prazo de 5 días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da concesión do premio, a seguinte documentación:

- Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o beneficiario.

8.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

A condición de beneficiario obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto:

- A figurar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces. En caso contrario non se fará o pagamento da axuda.
- Comunicar ao Concello calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado.
- Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vila de Cruces no exercicio das funcións de fiscalización e control así como polo Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia.

9.- DEVOLUCION E REINTEGRO

Procederá o reintegro no casos previstos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e en concreto, no seguinte caso:

- Obtención do premio axuda reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen.

10 .- COMPATIBILIDADE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Os premios que se otorguen ao amparo das presentes Bases serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

11.- PUBLICIDADE

A publicidade do extracto da presente convocatoria, realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tralas modificacións introducidas pola Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Igualmente se procederá á publicación na páxina web do Concello.

Unha vez tramitada a convocatoria, comunicarase á BDNS, o texto e anexos, así como o extracto da mesma.

Así mesmo, remitirase á BDNS, a información relativa a beneficiarios, concesión dos premios, así como do pago e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, inhabilitación; de forma continuada a medida que se vaian producindo os actos.

12 .- RÉXIMEN XURÍDICO.

Estes premios rexeranse polas presentes bases e polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, RD 887/2006 Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Vila de Cruces no que lle sexa de aplicación dacordo co establecido na súa disposición adicional décima e supletoriamente pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como demais normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O alcalde

Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.

Concello de Vila de Cruces



Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492